

SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE XUÑO DE 2016

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:15 minutos do día 30 de xuño de 2016 baixo a Presidencia do Sr. Al calde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez, D. Jesús Fernández García, D^a María José Martínez Vigo, D. Xabier Molinos Campos, D^a Juana Romero García e D^a Magdalena Ron Villar, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE 28 DE ABRIL DE 2016

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 28 de abril de 2016.

A voceira do grupo de FLI intervéñ para facer aclaracións da súa postura no pleno da sesión cuxa acta se somete a votación.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación da acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

Ponse de manifesto a seguinte proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 178

ARCOS

NOME: PORCIÓN VIAL EN ARCOS – O CRUCEIRO
NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ARCOS

Núcleo/lugar: O CRUCEIRO

Lindeiros: Norte, Leste e Oeste, con camiño, Sur, coa finca matríz e estrada provincial.

SUPERFICIE: 397,19 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 4 de maio de 2.016.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 179

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN HORTAS – CELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: HORTAS

Lindeiros: Norte, coa finca matríz Sur, con camiño ao Leste e Oeste coa finca matríz inicial (subparcela 2)

SUPERFICIE: 85,20 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de maio de 2016.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

EDIFICACIÓN Nº 17

ESCOLA DE MATELA

NOMBRE: Escola de Matela

NATURALEZA DEL INMUBLE:

Servicio público

dotacional

SITUACIÓN:

Parroquia: Matela

Núcleo/lugar: Matela 24

Lindeiros: Edificación encravada na parcela 476

CARACTERÍSTICAS EDIFICATORIAS:

Superficie de planta: 128 m2

Superficie construída: 219 m2.

Número de plantas: dos

ESTADO DE CONSERVACIÓN: ano de construción de local principal: 1955. Actuación de reforma no ano 2009.

CARGAS:.libre de cargas.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: accesión.

SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: non consta

Padrón Catastral: 001600100PH17F0001YI

VALOR CATASTRAL ACTUAL 51.907,15 €”

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor, e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros do BNG e de Foro Lugo Independiente.

3.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCIZO 2016

Este asunto adiouse para o Pleno do 5 de xullo a petición dos grupos da oposición que solicitaron máis prazo para poder estudar a documentación.

O Alcalde recorda que o pleno foi convocado con suficiente antelación, e a esto hai que engadir que o expediente foi sometido con carácter ao estudo da comisión informativa, polo que tiveron prazo dabondo.

Non obstante, accede á solicitude e se incluírá na orde do día do próximo Pleno.

4.- TRATAMENTO CONXUNTO DOS PUNTOS 4 E 5. RATIFICACIÓN DO DECRETO DE DATA DE 31 DE MAIO DE 2016, REFERENTE Á CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO LOCAL DE LA COMARCA DE LUGO E DO DECRETO DE 17 DE XUÑO SOBOR A BAIXA DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI NA ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO

Intervén o alcalde para explicar que dende o Concello queren adherirse á nova *Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo* co fin de participar no GDR 2014-2020, motivo polo cal se asinou un decreto dentro do prazo establecido para a dita adhesión.

A continuación intervén o representante do BNG para preguntar se dende o Concello tiñan solicitado participar nos órganos de dirección da asociación *Terras de Lugo* xa que, segundo indicou o concelleiro nacionalista, cada dous anos producíase unha renovación e había dous cargos a disposición das institucións interesadas.

O concelleiro tamén considera lexítimo darse de alta na nova asociación pero cuestiona a baixa na asociación existente.

Por parte de Foro Lugo abúndase nesa dúbida e preguntan por que se produce a baixa nunha asociación e a alta noutra.

Tendo en conta que no debate plenario se están mesturando os contidos dos puntos 4 e 5, o alcalde propón unilos para o seu debate e evitar así repeticións argumentais. Aprobouse a proposta por parte de todos os concelleiros e tratáronse ambos os dous asuntos conxuntamente.

Logo desta decisión, tomou a palabra o alcalde para explicar que a adhesión á nova asociación tiña como finalidade lograr máis participación e protagonismo do Concello de Outeiro de Rei nesa entidade de nova creación. O rexedor reivindicou a predisposición favorable do Concello nas reunións de *Terras de Lugo* pero queixouse da pouca participación que dende esta asociación se lle daba ás entidades locais.

Pardo Lombao lembrou que o Concello de Outeiro de Rei xa participara nun Proder e nun Leader, ambos os dous xestionados pola Deputación de Lugo, e nos que, na súa opinión, se produciron investimentos importantes tanto públicos como privados froito dun bo funcionamento.

O rexedor fixo fincapé no feito de que dende as entidades locais están representando aos cidadáns e por ese motivo piden unha presenza nestas asociacións respectuosa con esta realidade e que permita aproveitar os recursos en beneficio da sociedade.

Abondou Pardo Lombao na escasa participación que tiveron os concellos na asociación *Terras de Lugo* e mostrouse confiado en que esa situación mude coa integración na *Asociación para o desenvolvemento rural da comarca de Lugo*. Tamén indicou que a falta de diálogo e participación existentes na actualidade aconsellaban pedir a baixa en *Terras de Lugo*.

Na segunda quenda de intervencións, tomou a palabra o concelleiro nacionalista para facer constar que a saída do Concello da Asociación *Terras de Lugo* non estaba xustificada xa que, ao seu entender, o balance era positivo: 13 proxectos executados entre produtivos e non produtivos e unha contía total de 322.000 € investidos.

O representante do BNG engadiu que a saída de Outeiro de Rei da asociación podía prexudicar os concellos do GDR de Lugo xa que se esixía que a presentación de proxectos fora avalada pola metade máis un dos concellos que integran o grupo. Segundo indicou o concelleiro, esta esixencia non se cumpriría xa que a Outeiro de Rei había que sumar outros concellos como Friol, Guntín e, previsiblemente, O Corgo, que tamén abandonarían *Terras de Lugo*.

O concelleiro do BNG reivindicou o papel que teñen estas asociacións para mellorar a vida no rural e afirmou que este desacordo era unicamente unha batalla política entre partidos que conducía ao minifundismo.

Froito desta reflexión, propuxo absterse na incorporación á nova asociación e manterse na xa existente.

A concelleira de Foro Lugo intervén para dicir que a política con maiúsculas era a que tiña en conta as propostas da oposición para incluílas na acción de goberno en beneficio común e esixiu que todas as decisións adoptadas foran a prol dese fin.

Finalmente tomou a palabra o rexedor para reivindicar o papel fundamental da Administración Local na representación e defensa dos intereses dos cidadáns, motivo polo que, segundo indicou, dende o Concello de Outeiro de Rei se tomou a decisión de darse de baixa nunha asociación e de alta noutra. Engadiu o alcalde que se había máis concellos que solicitaban a baixa, sería porque a asociación non funcionaba ben, o que reforzaba o seu argumento.

O sr Pardo Lombao tamén afirmou que sempre tiña en conta as propostas da oposición e que as aplicaba se lle parecían razoables.

Engadiu que non resultaba lóxico crear organismos xestores de fondos europeos de costas ás Admistracións Locais porque iso significaba estar de costas aos cidadáns aos que estas entidades representan máis directamente que ningunha outra. Esixiu, polo tanto, presenza e poder de decisión neses órganos para garantir a defensa dos cidadáns e, xa que logo, un reparto equitativo e xusto dos recursos públicos entre as veciñas e veciños.

Finalizou a súa intervención o alcalde enfatizando que pediría a baixa en *Terras de Lugo* con independencia de que se creara ou non outra asociación, por entender que os 5.000 veciños e veciñas de Outeiro de Rei non tiñan a representación que merecían na dita asociación.

A continuación votáronse de xeito individual os puntos 4 e 5 da orde do día co seguinte resultado:

Ratificación do decreto de 31 de maio relativo á constitución da “Asociación para el desarrollo rural de la comarca de Lugo”.

A proposta resulta aprobada con sete votos a favor, e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros do BNG e de Foro Lugo Independiente

Ratificación do decreto de 17 de xuño relativo a baixa do concello de Outeiro de Rei na “Asociación Terras de Lugo”.

A proposta resulta aprobada con sete votos a favor; un voto en contra, pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG, e dous abstencións, pertencentes aos concelleiros de Foro Lugo Independiente.

5. MOCIÓNS DO PSOE CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 1338 e 1339

O alcalde lembrou que a concelleira do PSOE non se atopa presente ao estar de baixa médica e polo tanto non se podía tratar a moción. Porén, indicou que se levaría de novo ao Pleno se a concelleira así o solicitaba e cando esta se recupera.

O concelleiro nacionalista fixo un apuntamento referido ao prazo para presentar mocións e o alcalde lembrou que ese tema xa se tratara noutro Pleno e que parecía lóxico que as mocións estivesen presentadas antes de convocar o Pleno para non ter que cambiar a orde do día. A este respecto tamén indicou o rexedor que a convocatoria do Pleno se facía con 48 horas de antelación ou máis para garantir o estudo dos asuntos.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as 13:46 minutos, e da que eu, Secretario, extendo e asino o presente acta.

Asdo.: O Secretario

VºBº; O Alcalde